



Instrumento 1º

IMPACTO DO COVID-19 NA VIDA E MISIÓN DAS NOSAS PARROQUIAS

INTRODUCCIÓN

Neste documento volvemos mirar á vida das nosas parroquias, tendo presente o traballado no Instrumento 1º do Sínodo e as proposicións aprobadas, e reflexionamos, á luz do impacto do covid-19, sobre a parroquia e a súa necesaria reestruturación, a misión do párroco, o papel dos laicos e a parroquia e as estruturas de comuñón que vemos máis urxentes poñer en marcha para a conversión pastoral da comunidade parroquial ao servizo da misión evanxelizadora da Igrexa. Non nos deteñamos na celebración, a caridade e a catequese que abordaremos noutros instrumentos. Respectando o que aprobamos, vexamos o que esta situación nova nos ensina e nos pide.

VER: “*Nada hai oculto que non chegue a descubrirse*” (Mt 10,26)

Con estas palabras o Señor exhorta aos seus discípulos, neste discurso apostólico que recolle o Evanxeo segundo San Mateo, á coherencia de vida. Hoxe, a nós, convídanos a pararnos e tomar conciencia do que o covid-19 supuxo na vida das nosas parroquias. É un documento aberto que entre todos podemos completar e enriquecer.

- **Un forte impacto na sociedade.** De súpeto a vida social e o lecer vense clausurados e a vida confínase entre as paredes do domicilio. Os lugares de encontro péchanse e é o mundo rural, tan esquecido, o que recobra o seu valor xa que o despoboamento e a dispersión fan que a calidade de vida das súas xentes praticamente non se altere. Ademais, nunha sociedade que cría todo baixo control, ponse de manifesto a súa fraxilidade e moitas certezas entran en crise. Sentímonos máis pobres e débiles porque experimentamos o sentido do límite e a restrición da liberdade. Todo iso suscitou interrogantes e dúbidas que tamén afectan á vivencia da fe e á súa dimensión presencial e comunitaria.
- **A desafección latente da Igrexa salta á luz.** Xa no tempo previo ao covid-19 observábase unha gran desafección cara á Igrexa. España é o terceiro país do mundo con maior abandono do cristianismo. Desde 2006 o número de católicos practicantes diminuíu un 27%. No ano 2000 o 75% dos matrimonios celebrábanse polo rito católico e en 2018 só o 22%. Moitos dos nosos crentes eran ocasionais: algunha festa, celebracións especiais, funerais. Con motivo da pandemia os tópicos de sempre puxeron de relevo síntomas dunha “cristianofobia sutil” contra a Igrexa e o cristián, manifestada en críticas acedas e, en moitos casos, carentes de todo fundamento.
- **As parroquias zombis emerxen.** Moitas das nosas parroquias centraban o seu traballo case exclusivamente no culto; ao verse este suspendido púxose de relevo a existencia do que podemos denominar “parroquias zombis”: parroquias que existen, áinda que carecen de vida e compromiso comunitario, pero se reinventan a través dalgunhas accións puntuais como festas, novenas, funerais ou algunha obra de mantemento.
- **A creatividade pastoral salta á rede e os medios difunden noticias da Igrexa.** O peche do culto, áinda que moitas parroquias permaneceron abertas como signo de

esperanza no medio dunha sociedade pantasma coas rúas baleiras, locais pechados e toda reunión suspendida, levou consigo unha profunda creatividade pastoral. O uso das TICS propiciou que se ofrecesen recursos para a oración e manter unha mínima relación cos fieis.

- **O sacerdote: dos maratóns á pastoral silenciosa.** Aquilo que nunca imaxinamos aconteceu. Ao confinarnos nas nosas casas e non poder desprazarnos, salvo para unhas poucas actividades esenciais, o culto suspéndese e os sacerdotes que, sobre todo os domingos, vivían de parroquia en parroquia presidindo celebracións rápidas, ven que o tempo se detén. Agora é o momento da celebración pausada, a oración sosegada e a pastoral desde o silencio a través do teléfono, as redes sociais, o traballo sobre todo no ámbito socio-caritativo e a atención dolorosa aos enterros de falecidos en soledade e sen a calor e a proximidade dos seus e dos seus veciños.

Vídeo *ser Igrexa en saída* con testemuños de como viviu a parroquia o tempo de confinamento: que nos ensina esta situación de cara á vida e renovación da parroquia:
<https://youtu.be/irTlzoKpHkI>

XULGAR: “Fago novas todas as cousas” (Ap.21,5)

Este era o lema da Coresma 2020 para nosa Igrexa Diocesana. Unha chamada á confianza en Deus que, no medio deste tempo de pandemia, pode facer xurdir algo novo. Unha parroquia renovada e renovadora, se somos capaces de facer desta situación unha oportunidade de cambio persoal e pastoral. Para iso temos que analizar o que esta situación supuxo para as persoas, a sociedade e a Igrexa e deixarnos interpelar polo Espírito.

- ❖ **Unha Igrexa fiel á súa misión.** Desde a fe no Deus creador, a Igrexa, ante a situación de pandemia que atacaba fortemente o don da vida afrontou con responsabilidade a súa misión: coidar aos seus fillos, de modo especial aos máis débiles. Así, o precepto dominical dispénsase e recoméndase seguir a Eucaristía polos medios de comunicación. Neses momentos duros, nos que parece escurecerse a percepción do amor de Deus, urxía axudar ao noso pobo a non deixarse abater pola desesperanza. Convidar a abrir os ollos e a avivar a confianza en Deus que nos deu moitas mostras de amor durante estes días por medio da entrega xenerosa de tantos crentes.
- ❖ A Igrexa, cando a pandemia golpeaba con máis forza, deuse conta de que había que **ir ao esencial**: a primacía da caridade. Así mesmo, a pregaria trasladábase do templo parroquial á Igrexa doméstica, quizais ata o de agora demasiado descoidada, e que tivo que asumir unha misión para a cal non tiña preparado, pois todo se delegaba na comunidade parroquial. Así, este tempo foi unha oportunidade para recuperar algo perdido en moitas familias: rezar xuntos. Ao mesmo tempo, ao aprazarse moitas celebracións, saltou á luz que, en ocasións, a parroquia era utilizada como marco para resaltar determinados momentos da vida nos que se importaba máis o social e externo que a fe. De novo atopamos a oportunidade de valorar o fundamental e poñer cada cousa no seu sitio. Así mesmo, co seu proceder, a Igrexa mostrounos que prima a vida sobre todo e por iso dispensounos do máis grande, a Eucaristía, centro e culme da vida de todo crente, convidándonos a seguila polos medios de comunicación, á vez que desde diversas parroquias se retransmitían celebracións.
- ❖ **Sentirse membros do corpo de Cristo.** O covid-19 deixounos claro que dependemos uns doutros e só xuntos sairemos desta pandemia. Urxe recuperar a fraternidade, como nos pide o papa Francisco na encíclica “*Fratelli tutti*”. Todos somos irmáns, fillos do mesmo Pai e chamados a vivir en comuñón no seo da comunidade. A dimensión comunitaria da fe é unha materia pendente nas nosas parroquias e urxe promover canles para avivala. Adoecemos de conciencia de comunidade e de responsabilidade

respecto da nosa parroquia. Se a iso unimos un ancestral clericalismo, non é estranxo que moitas das nosas parroquias poidan denominarse “parroquias zombis”, pois carecen do entusiasmo e vitalidade necesarios para transmitir e contaxiar a fe en Xesús Cristo.

- ❖ **Renovación dos axentes de pastoral.** Necesitamos un novo ardor misioneiro para superar o clericalismo (a parroquia é cousa só do cura) e asumir a corresponsabilidade. O covid-19 deixou ao descuberto que moitos axentes de pastoral (sacerdotes, relixiosos e laicos) son persoas en idade de risco e a substitución tórnase moi custosa, por falta de mozos nas nosas comunidades e por carencia de formación na fe do noso pobo.
- ❖ **Unha pastoral orgánica.** A acción pastoral das nosas parroquias adoece de personalismo, individualismo e céñrase excesivamente nun culto ritualista. Que queda da pastoral da nosa parroquia se pecha o culto? Unha pregunta que non debemos eludir e que nos debe alentar a camiñar cara a unha pastoral máis orgánica que acolle os proxectos diocesanos e arciprestais, desenvolve de modo máis equilibrado as accións pastorais e onde se planifica, executa e revisa en común.
- ❖ **Do “meu campanario” á parroquia “multicampanario”:** O papa Francisco di que *a parroquia non é unha estrutura caduca; precisamente porque ten unha grande plasticidade, pode tomar formas moi diversas que requiren a docilidade e a creatividade misioneira do Pastor e da comunidade. Ainda que certamente non é a única institución evanxelizadora, se é capaz de reformarse e adaptarse continuamente, seguirá sendo «a mesma Igrexa que vive entre as casas dos seus fillos e as súas fillas»* (EG 28). A parroquia actual amósase, por si soa, incapaz de levar adiante unha misión evanxelizadora de calidade. As causas son diversas: falta de fieis, a idade dos mesmos, a ausencia de clero para acompañar a todas as parroquias, carencia de axentes formados e de proxectos pastorais. Por iso urxe saír de vivir á sombra do propio campanario e dar pasos cara á parroquia multicampanario. As Unidades de atención Parroquial (UaPs) formadas por varias parroquias próximas e homoxéneas encomendadas a un sacerdote ou equipo de sacerdotes, cun proxecto pastoral elaborado por un equipo apostólico no que traballan en comuñón sacerdotes, persoas de Vida Consagrada e laicos, cun centro pastoral común e unhas comunidades de referencia para todas, son o camiño para a necesaria conversión pastoral. Só xuntos, cun proxecto orgánico elaborado en corresponsabilidade poderemos ser unha Igrexa significativa, sen perder a nosa identidade e crecendo en catolicidade. Isto implica pasar de concibir o territorio, só como algo xeográfico a entendelo como unha realidade existencial e promover as estruturas de comuñón necesarias para unha sinodalidade efectiva e afectiva nas nosas parroquias e UaPs.

(Cf. CONGREGACIÓN PARA O CLERO, A conversión pastoral da comunidade parroquial ó servizo da misión evanxelizadora da Igrexa (BAC-2020). É recomendable a súa lectura e comentario nos grupos por zonas).

**PROPOSICIÓNES APROBADAS NA SESIÓN SEGUNDA DOS TRABALLOS DO
SÍNODO DIOCESANO DO INSTRUMENTO 1º**

TEMA 1

Proposta 1. Crear grupos de acollida e acompañamento nas parroquias/UaP dotándoos das ferramentas necesarias para cumplir a súa función.

Si	146.....	91,82%
Non	11.....	6,92%
Abstención.....	2.....	1,26%
TOTAL.....	159.....	100,00%

Proposta 2. Promover a formación de axentes de pastoral capacitánndoos para ser discípulos-misioneiros e acompañantes no camiño da fe.

Si	145.....	92,95%
Non	9.....	5,77%
Abstención.....	2.....	1,28%
TOTAL.....	156.....	100,00%

Proposta 3. Establecer espazos e encontros de convivencia, celebración e formación para alentar a dimensión comunitaria e misioneira da fe.

Si	149.....	92,55%
Non	6.....	3,73%
Abstención.....	6.....	3,73%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 4. Potenciar a creación dos consellos pastorais e de asuntos económicos como expresión de corresponsabilidade e transparencia.

Si	146.....	91,82%
Non	9.....	5,66%
Abstención.....	4.....	2,52%
TOTAL.....	159.....	100,00%

Proposta 5. Crear, a nivel arciprestal, equipos de traballo que estudien e acompañen a constitución, posta en marcha e funcionamiento das UaPs.

Si	123.....	75,93%
Non	22.....	13,58%
Abstención.....	17.....	10,49%
TOTAL.....	162.....	100,00%

Proposta 6. Potenciar a participación dos laicos promovendo as Asembleas parroquiais.

Si	128.....	80,00%
Non	19.....	11,88%
Abstención.....	13.....	8,13%
TOTAL.....	160.....	100,00%

Proposta 7. Fomentar a presenza do sacerdote, ou equipo de sacerdotes, na vida das súas parroquias, máis aló da Eucaristía dominical.

Si	143.....	89,94%
Non	10.....	6,29%
Abstención.....	6.....	3,77%
TOTAL.....	159.....	100,00%

Proposta 8. Promover a residencia do sacerdote ou do equipo sacerdotal no entorno parroquial, da UaP ou arciprestal.

Si	110.....	69,62%
----------	----------	--------

IGREXA EN CAMIÑO – REAVIVAR O CAMIÑO SINODAL

Non	30.....	18,99%
Abstención.....	18.....	11,39%
TOTAL.....	158.....	100,00%

Proposta 9. Coordinar, a nivel arciprestal, as accións necesarias para que os sacerdotes poidan descansar, acudir a cursos de formación e realizar exercicios espirituais anuais.

Si	128.....	81,01%
Non	14.....	8,86%
Abstención.....	16.....	10,13%
TOTAL.....	158.....	100,00%

Proposta 10. Promover a participación dos sacerdotes na vida arciprestal como esixencia do seu ministerio.

Si	129.....	81,65%
Non	14.....	8,86%
Abstención.....	15.....	9,49%
TOTAL.....	158.....	100,00%

Proposta 11. Establecer unha normativa que regule a xubilación dos sacerdotes acerca da súas responsabilidades pastorais.

Si	128.....	79,50%
Non	16.....	9,94%
Abstención.....	17.....	10,56%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 12. Realizar, a nivel arciprestal, un estudo en orde a racionalizar o número de celebracións da Eucaristía, ofrecer horarios adaptados ás necesidades dos fieis, e promover un desenvolvemento equilibrado das accións pastorais.

Si	126.....	78,26%
Non	28.....	17,39%
Abstención.....	7.....	4,35%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 13. Potenciar e revitalizar o papel da muller promovendo a súa participación na vida eclesial e a súa incorporación a postos de decisión a nivel parroquial e diocesano.

Si	134.....	83,23%
Non	17.....	10,56%
Abstención.....	10.....	6,21%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 14. Promover un estilo de traballo que favoreza a acollida e integración na parroquia de novos grupos, carismas e movementos.

Si	136.....	84,47%
Non	15.....	9,32%
Abstención.....	10.....	6,21%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 15. Fomentar actividades culturais, lúdico-deportivas e formativas como canle de evanxelización.

Si	115.....	71,43%
Non	25.....	15,53%
Abstención.....	21.....	13,04%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 16. Promover grupos de persoas, incluído algúns sacerdotes, que faciliten a presenza de templos abertos a nivel UaP ou arciprestal para impulsar o ministerio da escucha, do acompañamento e da reconciliación.

IGREXA EN CAMIÑO – REAVIVAR O CAMIÑO SINODAL

Si	139.....	86,34%
Non.....	15.....	9,32%
Abstención.....	7.....	4,35%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 17. Promover as técnicas de información e comunicación sociais como cauces de información e evanxelización.

Si	130.....	80,25%
Non.....	16.....	9,88%
Abstención.....	16.....	9,88%
TOTAL.....	162.....	100,00%

TEMA 2

Proposta 1. Dar a coñecer e urxir o cumprimento da normativa diocesana.

Si	143.....	89,38%
Non.....	8.....	5,00%
Abstención.....	9.....	5,63%
TOTAL.....	160.....	100,00%

Proposta 2. Potenciar a catequese familiar, implicando ós pais na formación e vivencia da fe na familia.

Si	148.....	93,67%
Non.....	4.....	2,53%
Abstención.....	6.....	3,80%
TOTAL.....	158.....	100,00%

Proposta 3. Proporcionar dende a Diocese, en coordinación coa parroquia, medios e recursos para a etapa do espertar relixioso.

Si	128.....	79,01%
Non.....	15.....	9,26%
Abstención.....	19.....	11,73%
TOTAL.....	162.....	100,00%

Proposta 4. Dar a coñecer e potenciar os movementos e asociacións laicais da Igrexa.

Si	140.....	86,96%
Non.....	13.....	8,07%
Abstención.....	8.....	4,97%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 5. Promover o traballo pastoral de conxunto: encontros festivos, catequese-formación, caridade e celebracións.

Si	137.....	84,57%
Non.....	8.....	4,94%
Abstención.....	17.....	10,49%
TOTAL.....	162.....	100,00%

Proposta 6. Ofertar grupos e espazos de formación integral a nivel diocesano, arciprestal ou parroquial, para distintos sectores e idades.

Si	145.....	88,96%
Non.....	10.....	6,13%
Abstención.....	8.....	4,91%
TOTAL.....	163.....	100,00%

Proposta 7. Elaborar e presentar un itinerario diocesano de formación para os ministerios laicais.

Si	141.....	87,58%
Non.....	8.....	4,97%

Abstención.....	12.....	7,45%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 8. Saír ó encontro, acoller, formar e acompañar ás parellas mozas para que se impliquen na vida parroquial.

Si	127.....	79,38%
Non.....	12.....	7,50%
Abstención.....	21.....	13,13%
TOTAL.....	160.....	100,00%

Proposta 9. Crear equipos de pastoral familiar a nivel parroquial ou arciprestal.

Si	139.....	87,42%
Non.....	11.....	6,92%
Abstención.....	9.....	5,66%
TOTAL.....	159.....	100,00%

Proposta 10. Promover escolas de pais para facilitar a súa formación de cara a profundar na fe.

Si	132.....	81,48%
Non.....	19.....	11,73%
Abstención.....	11.....	6,79%
TOTAL.....	162.....	100,00%

Proposta 11. Presentar un Proxecto Diocesano de nenos e mozos onde se contemple un itinerario de traballo educativo-pastoral-vocacional.

Si	132.....	82,50%
Non.....	12.....	7,50%
Abstención.....	16.....	10,00%
TOTAL.....	160.....	100,00%

Proposta 12. Promover a implantación dos Movementos de infancia, de mozos e de adultos da Igrexa.

Si	126.....	78,75%
Non.....	15.....	9,38%
Abstención.....	19.....	11,88%
TOTAL.....	160.....	100,00%

Proposta 13. Crear grupos de oración na comunidade parroquial.

Si	127.....	79,38%
Non.....	16.....	10,00%
Abstención.....	17.....	10,63%
TOTAL.....	160.....	100,00%

Proposta 14. Iniciar un itinerario de formación e información da cultura vocacional nun sentido amplio que axude ós mozos e mozas a descubrir e vivir a súa vocación cristiá (laical, sacerdotal e consagrada).

Si	127.....	79,87%
Non.....	17.....	10,69%
Abstención.....	15.....	9,43%
TOTAL.....	159.....	100,00%

Proposta 15. Promover as vocacións á vida sacerdotal e consagrada na comunidade eclesial, e acompañar a resposta libre e consciente dos candidatos.

Si	137.....	85,63%
Non.....	10.....	6,25%
Abstención.....	13.....	8,13%
TOTAL.....	160.....	100,00%

TEMA 3:**Proposta 1. Promover a constitución de grupos de acción caritativo-social e de pastoral da saúde cun voluntariado formado para acompañar ás persoas que viven situacións de fraxilidade.**

Si	153.....	94,44%
Non	4.....	2,47%
Abstención.....	5.....	3,09%
TOTAL.....	162.....	100,00%

Proposta 2. Dar a coñecer e colaborar de forma creativa coas institucións que traballan en pro da dignidade humana.

Si	137.....	86,16%
Non	13.....	8,18%
Abstención.....	9.....	5,66%
TOTAL.....	159.....	100,00%

Proposta 3. Propoñer a Acción Católica Xeral como cauce habitual para a formación de laicos.

Si	106.....	66,25%
Non	40.....	25,00%
Abstención.....	14.....	8,75%
TOTAL.....	160.....	100,00%

Proposta 4. Elaborar en cada arciprestado, UaP e parroquia un mínimo proxecto pastoral en estreita conexión coa programación pastoral diocesana.

Si	135.....	83,85%
Non	17.....	10,56%
Abstención.....	9.....	5,59%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 5. Crear grupos de animación misioneira e potenciar as campañas e xornadas misioneiras (DOMUND, Infancia Misioneira e outras).

Si	122.....	76,25%
Non	20.....	12,50%
Abstención.....	18.....	11,25%
TOTAL.....	160.....	100,00%

Proposta 6. Sensibilizar ó Pobo de Deus sobre a urxencia e necesidade de cuidar e custodiar o patrimonio histórico-artístico da Diocese.

Si	135.....	83,33%
Non	16.....	9,88%
Abstención.....	11.....	6,79%
TOTAL.....	162.....	100,00%

Proposta 7. Aproveitar o patrimonio cultural e relixioso da nosa Diocese para levar a cabo un proxecto evanxelizador.

Si	138.....	85,71%
Non	13.....	8,07%
Abstención.....	10.....	6,21%
TOTAL.....	161.....	100,00%

Proposta 8. Agrupar e custodiar os arquivos parroquiais coa finalidade de preservar a memoria da comunidade cristiá.

Si	136.....	86,08%
Non	9.....	5,70%
Abstención.....	13.....	8,23%
TOTAL.....	158.....	100,00%

Proposta 9. Buscar estratexias pastorais e axentes evanxelizadores para acompañar e chegar aos afastados.

Si	126.....	78,75%
Non.....	19.....	11,88%
Abstención.....	15.....	9,38%
TOTAL.....	160.....	100,00%

ACTUAR

- Que idea destacas deste documento e con que outra ou outras o enriquecerías?
- Que esixencias presenta a situación provocada polo covid-19 á conversión pastoral da comunidade parroquial?
- Como repensar a misión e presenza do sacerdote e do laico na parroquia?
- Proposta de posibles proposicións que se considere importante presentar á Asemblea Sinodal en orde a potenciar a posta en marcha das UaPs e os organismos de corresponsabilidade na vida da Igrexa á luz do impacto do covid-19 na Parroquia.

GUIÓN PARA A REUNIÓN.

- Facer chegar o documento con tempo para que poidan lelo e reflexionalo.
- Reflexión persoal.
- Reunión de grupos;
- Comezar cun momento de oración (suxerimos esta pregaria de Martín González)

Señor Xesús, que chamaches aos Doce
a estar ao teu carón e vivir en comunidade,
mira con bondade a esta comunidade, a miña comunidade.

Non foron o azar nin as coincidencias
que me trouxeron ata aquí,
foi o teu chamado a servir entre os irmáns
e ser verdadeiramente irmán.

Sei que non somos a comunidade dos mellores, dos santos,
senón dos que necesitamos da túa misericordia.
Perdón porque moitas veces o egoísmo gobérnanos,
porque nos deixamos mover só pola imaxe
ou nos inmobilizamos polo “sempre se fixo así”.

Perdón por non ser sempre
a comunidade unida e fraterna que soñaches.

Grazas polos bos e os malos momentos,
polos que hoxe xa non están aquí e comparten xa contigo
a mesa grande da comunidade eterna.

Grazas polos irmáns que unha vez me recibiron aquí,
polos que me ensinaron e axudaron a medrar,
polos que día a día me acompañan,
polos que comparten nesta mesa cada día o teu Pan.

Axúdanos a ser unha comunidade de irmáns,
unha Igrexa en saída,
a non cruzarnos de brazos e ir en busca do outro.

Que poidamos converternos en abrazo para o que sofre,
en acubillo para o pobre, en sorriso para o triste,
en peregrinos cara á Casa do Pai. Amén.

(Ó rematar faise un silencio e convídase a quen o deseñe a facer un eco facendo resoar en voz alta o que máis lle chamou á atención).

Posta en común da reflexión persoal:

- Pódese proxeccar o vídeo que acompaña o documento e facer unha breve síntese para refrescar as ideas e axudar a comprendelas mellor.
- Logo convídase a que cada un comparta a súa reflexión persoal e, lemos as proposicións que aprobamos e vemos se é necesario facer algunha nova que se poida propoñer para someter a votación na Asemblea.
- Concluír coa Oración polo froito do Sínodo.

